

A **Dirección Xeral de Protección Civil** comunica unha serie de recomendacións para a poboación galega debido á chegada dos restos do ciclón Gordon. Aconséllase, sobre todo, evitar zonas que poidan estar afectadas pola caída de obxectos debido á forza do vento e, especialmente, evitar a conducción de vehículos ou extremar as precaucións durante a súa utilización.

Dado que os momentos máis críticos se esperan para a próxima madrugada e durante a mañá do xoves, esta **secretaría xeral**, como medida preventiva, **co fin de evitar accidentes durante a xornada escolar, resolve pechar todos os centros de ensino non universitario da comunidade autónoma durante o xoves día 21 de setembro.**